

AVISO FITOSANITARIO 1/2026 **Tratamentos fitosanitarios contra *Scaphoideus titanus***

Dende o mes de maio, a Consellería do Medio Rural realiza o seguimento da evolución de *Scaphoideus titanus*, insecto vector da flavescencia dourada da vide, no marco do Plan de control e erradicación desta enfermidade en Galicia.

Na actualidade, as ninfas atópanse no seu estado máis avanzado de desenvolvemento, polo que se considera o momento máis axeitado para a aplicación dos tratamentos insecticidas.

Neste contexto, establécese o inicio dos tratamentos fitosanitarios, que son **OBRIGATORIOS** na zona demarcada e **RECOMENDADOS** nas zonas vitícolas limítrofes, co obxectivo de reducir a poboación do vector e evitar a súa dispersión (**Artigo 4.b da Resolución do 9 de novembro de 2023**)



Figura 1: Ninfas de *Scaphoideus titanus* en estado N4 e N5

Tratamento	Período de aplicación
1º	19.06.2026 - 26.06.2026
2º	15 días despois do 1º tratamento
3º	1 mes despois do 2º tratamento

* Os tratamentos deberán realizarse en función das condicións climatolóxicas

Recomendacións de aplicación

- Aplicar os tratamentos preferentemente na primeira hora do día. No caso de empregar piretrinas, realizar a aplicación na última hora do día, debido á súa sensibilidade á luz solar.
- Garantir unha aplicación uniforme, mollando especialmente o envés das follas e os brotes basais ou chupóns, así como a parte baixa das cepas, zonas habituais de refuxio das ninfas.
- Extremar as precaucións no movemento entre zonas vitícolas, evitando o transporte accidental de ninfas ou adultos por parte de persoal de campo e outros axentes.

Obrigas de rexistro

É obrigatorio anotar todos os tratamentos fitosanitarios no caderno de explotación, que poderá ser requirido para a súa comprobación.

Materias activas autorizadas

MATERIA ACTIVA	FORMULADO
ACETAMIPRID	ACETAMIPRID 20% [SP] P/P
	ACETAMIPRID 20% [SL] P/V
DELTAMETRIN	DELTAMETRIN 1,5% [EW] P/V
	DELTAMETRIN 1,57% [SC] P/V
	DELTAMETRIN 2,5% [EC] P/V
	DELTAMETRIN 2,5% [EW] P/V
LAMBDA CIHALOTRIN	LAMBDA CIHALOTRIN 1,5% [CS] P/V
	LAMBDA CIHALOTRIN 2,5% [WG] P/P
	LAMBDA CIHALOTRIN 10% [CS] P/V
PIRETRINAS	PIRETRINAS 2% [EC] P/V
	PIRETRINAS 12,9 g/L [EC] P/V
	PIRETRINAS 4,65% (como extracto de pelitre) [EC] P/V
	PIRETRINAS 4% (EXTR. DE PELITRE) [EC] P/V
ACEITE DE NARANJA	ACEITE DE NARANJA 60g/L [ME] P/V
TAU-FLUVALINATO	TAU-FLUVALINATO 24% [EW] P/V
BEAUVERIA BASSIANA (CEPA ATCC 74040)	BEAUVERIA BASSIANA (CEPA ATCC 74040) 2.3% [OD] P/V
FLUPIRADIFURONA	FLUPIRADIFURONA 20% [SL] P/V
	FLUPIRADIFURONA 2.5% [SL] P/V
CAOLÍN	CAOLIN 99% [WP] P/P
SALES POTÁSICAS DE ÁCIDOS GRASOS C14-C20	SALES POTÁSICAS DE ÁCIDOS GRASOS C14-C20 48% [EW] P/V
ACEITE DE PARAFINA (CAS 64742-46-7)	ACEITE DE PARAFINA 80% [EC] P/V

* Os tratamentos fitosanitarios deberán realizarse exclusivamente con produtos autorizados para o control desta praga e seguindo estritamente as indicacións de uso establecidas na súa autorización.

Información adicional

Na páxina web da Consellería do Medio Rural pódese consultar mais información e a listaxe das parroquias incluídas na zona demarcada

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena>

Lémbrese que *Scaphoideus titanus* é o vector dunha enfermidade de corentena de elevada gravidade para o sector vitivinícola, polo que é imprescindible evitar a súa dispersión a novas áreas.